

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regulamentos***MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE TAXA DE EMERXENCIAS**ANUNCIO*

O Pleno municipal en data 26 de marzo de 2018 aprobou inicialmente a modificación DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS, CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OTROS ANÁLOGOS. Durante o prazo de exposición pública non se formularon alegacións, polo que resultou definitivamente aprobada e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada se pode interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

**MODIFICACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN
E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUINAS, CONSTRUCCIÓN,
SALVAMENTOS E OTROS ANÁLOGOS***ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA*

No uso das facultades concedidas polo Art. 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, e da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora da Bases de Réxime Local, o Concello do Grove establece a taxa polo Servizo Emerxencias do Grove, que se regulará polas normas contidas na Sección 3ª do Capítulo 3º do Título 1 da referida Lei, arts. 20 a 27, e pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación do Servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, construcións e derribos, salvamentos e en xeral, protección de persoas e bens, comprendendo tamén o mantemento do servizo e a cesión do uso de maquinaria e equipo adscritos a estes servizos, ben sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación do devandito servizo de emerxencias redunde en beneficio do suxeito pasivo establecido no artigo 3º.



1.—Estarán suxeitos a aplicación das taxas:

a) Aos que reciban asistencia no caso de incendios de calquera tipoloxía, salvamentos, afundimentos de edificios e construcións, ruínas, derrubo, inundacións e outros sinistros análogos, realizada polo Servizo Municipal con persoal e material adscrito o mesmo sempre que non contemplen ningún requisito figurante na sección 2 deste mesmo artigo.

b) A realización de actuacións propias e exclusivas do servizo, que aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran requiridas polos interesados.

c) As persoas causantes do risco ou sinistro que pola súa actuación ou negligencia obriguen á prestación do servizo.

2.—Non estarán suxeitos a aplicación da taxa:

a) Estarán exentas da taxa as propiedades municipais, edificios públicos e os casos que sinala a lexislación vixente.

b) As actividades de prevención en xeral, realizadas a instancia do propio Servizo, nin os servizos de emerxencias que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

c) Os realizados no termo municipal de O Grove, a instancia de Xuíces, Forzas de Seguridade e outras autoridades, no exercicio dos seus cargos respectivos e por razóns que atendan á orde ou seguridade xeral.

d) Os suxeitos pasivos que carezan de entidade ou sociedade aseguradoras do risco no momento da prestación de servizo e non contemplen ningunha singularidade referente ao Artigo 2º, sección 1 nos apartados b e c.

f) Os prestados en beneficio da xeneralidade da poboación do municipio nos casos de catástrofe ou calamidade pública apreciada pola corporación.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

1.—Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, e os usuarios dos inmobles sinistrados que sexan obxecto de prestación do servizo de emerxencias, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos e arrendatarios dos devanditos inmobles.

2.—Terá a consideración de sustituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de emerxencias, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

3.—As persoas causantes do risco ou sinistro que pola súa actuación ou negligencia obriguen a prestación do servizo.



ARTIGO 4º. NORMAS DE APLICACIÓN DA TARIFA

1.—Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando saia da base a dotación correspondente, momento en que se inicia, a todos os efectos, a prestación do servizo de emerxencias.

2.—Non se procederá ao cobro da saída no caso de que non se chegue a intervir.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

1.—A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, persoais, e materiais que se empreguen na prestación do servizo de emerxencias, o tempo invertido neste, e no caso da saída do municipio, o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2.—Para tal efecto aplicaranse as seguintes Tarifas:

VEHÍCULOS	BOMBA RURAL PESADA	70 €/hora ou fracción
	BOMBA URBANA LIXEIRA/PESADA	60 €/hora ou fracción
	TODOTERREOS	30 €/hora ou fracción
	FURGON DE SALVAMENTOS VARIOS	20 €/hora ou fracción
	EMBARCACIÓN DE RESCATE	40 €/hora ou fracción
PERSOAL	ESPECIALISTA EMERXENCIAS	18 €/hora ou fracción
	XEFE DE GARDA/ COORDINADOR	22 €/hora ou fracción
	PATRÓN DE EMBARCACIÓN	20 €/hora ou fracción
EQUIPOS	EQUIPO DE RESPIRACIÓN AUTÓNOMA	20 €/unidade
	EXTINTORES	35 €/unidade
	MANGUEIRAS E ACCESORIOS	10 €/unidade
	VENTILADOR	20 €/hora ou fracción
	XERADOR DE ESCUMA	15 €/hora ou fracción
	XERADOR ELECTRICO	20 €/hora ou fracción
	EQUIPO DE MERGULLO	30 €/hora ou fracción
	DETECTOR DE GASES/ CÁMARA TÉRMICA	15 €/hora ou fracción
	BOMBAS DE ACHIQUE	30 €/hora ou fracción
	EQUIPO LIXEIRO DE CORTE (motoserra, serra sable, motodisco, radial e outros)	20 €/ hora ou fracción
	EQUIPO DE RESCATE EN ALTURA/ SUBSOLO	30 €/hora ou fracción
	EQUIPO DE EXCARCELACIÓN	40 €/hora ou fracción
MATERIAL	RECARGA AIRE BOTELLAS	7 €/unidade
	ESPUMOXENO	5 €/litro
	DETERXENTE DISPERSANTE	3 €/litro
	MATERIAL ABSORBENTE	5 €/kilo
SERVIZOS	LIMPEZA DE VIA	35 €/hora ou fracción
	ACHIQUE	30 €/hora ou fracción
	SANEAMENTO EN ESTRUCTURAS, ACTUACIÓN EN RUINAS E APUNTALAMENTOS	40 €/hora ou fracción
	ASISTENCIA EN ESTRADAS	30 €
	APERTURAS (portas, fiestras e outros)	30 €
	REMOLQUE DE EMBARCACIONES	40 €



3.—Nas saídas fora do municipio cobrarase ademáis das cotas anteriores, por kilómetro percorrido 1 euro.

4.—Nas extincións de incendios en locais onde haxa substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, cando as administración competentes na materia determinen tales condicións, recargarase a cota resultante dos apartados anteriores nun 100%.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN PARA O PAGO

1.—O persoal do Servizo Municipal de Emerxencias estenderán un parte en impreso normalizado no que fará constar, como mínimo: o nome e apelidos, DNI ou CIF, domicilio do propietario do ben e/ou persoa solicitante do servizo, sexa persoa física ou xurídica, motivo da actuación, como beneficiario, podendo coincidir ámbolos dous.

2.—A hora de chegada ó lugar e a hora de remate da intervención. Ademais este parte incluírá os datos da entidade aseguradora do risco motivador facendo constar o Nome da entidade, número de Póliza e a data de caducidade da mesma.

3.—O parte deberá ser asinado polo propietario ou beneficiario caso de ser posible estando presente na intervención.

O impreso será cuaduplicado e deberán entregarse dous exemplares ó solicitante/beneficiario e remitir un á Administración de Tributos do Concello para control, e outro para arquivo do Servizo Municipal de Emerxencias.

4.—De acordo cos datos que certifique o Servizo Municipal de Emerxencias, os Servizos Tributarios do Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos sinalados na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

No referente á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que correspondan en cada caso, rexerá o disposto na Lei Xeral Tributaria vixente.

ARTIGO 8º. INTERVENCIÓNS FORA DO TERMO MUNICIPAL

1.—Previo requirimento das autoridades competentes poderase acudir a un sinistro localizado noutro concello da zona, sempre e cando o Coordinador do Servizo estime que o municipio queda atendido cos mínimos suficientes.

2.—Responsabilizaranse do abono da taxa os suxeitos pasivos tal e como se establece no artigo 3.

3.—Aplicaranse a cota tributaria establecida polo Artigo 4º.



Mércores, 13 de xuño de 2018

Núm. 113

DISPOSICIÓN FINAIS

1.—No non previsto especificamente nesta Ordenanza, rexerán as disposicións previstas na lexislación tributaria aplicable.

2.—A modificación da presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor mentres non se acorde á súa modificación ou derogación expresa.

O Grove, 5 de xuño de 2018

O alcalde

José A. Cacabelos Rico

